* **Escoitar, falar e conversar**

CONTIDOS

- Vocabulario correspondente as distintas situacións de comunicación e aos diferentes centros de interese.
- Distintas situacións comunicativas en diferentes contextos. Comprender ordes.

- Formas sociais establecidas para iniciar, manter e acabar unha conversación.
- Ritmo silábico.
- Discriminación auditiva e fonética. Entoación e pronunciación.
- Utilización das normas que rixen o intercambio lingüístico (prestar atención, gardar quenda, etc.), usos do diálogo e participación nas conversacións colectivas.
- Utilización de frases sinxelas de distinto tipo (afirmativas, interrogativas, negativas, etc.), cunha estruturación e pronunciación clara y correcta para a súa idade..
- Utilización adecuada das formas socialmente establecidas para relacionarse cos outros.
- Ampliación do vocabulario.
- Discriminación fonética e identificación do ritmo silábico.
- Iniciativa e interese por participar en situacións de comunicación.
- Interese e esforzo por mellorar e enriquecer as súas producións lingüísticas.
- Actitude de escoita e respecto aos outros.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expresarse con claridade e responder cando se lle pregunta.
- Participar nas conversacións de grupo.
- Mirar o que fala.
- Gardar o quenda para falar.
- Pronunciar correctamente.
- Valorar a linguaxe escrita.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación

*Aproximación á lingua escrita

CONTIDOS

- A lingua escrita como medio de comunicación información e disfrute. O propio nome.
- Os instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, xornais, contos, etiquetas, carteis...
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais
- Pictogramas. Sinais informativas. Viñetas.
- Lectura e interpretación de pictogramas, sinais de Educación Vial. Ordenación de viñetas.
- Iniciación as técnicas da Información e da Comunicación.
- Gusto e pracer por oír e mirar contos que o adulto lee aos nenos.
- Coidado dos libros e desexo de manexalos.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Grafomotricidade, líneas verticais, horizontais, curva, circular, grafía de vogais e algunhas consoantes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- Resolver adiviñas. Recoñecer algunhas palabras escritas e escribilas: O nome propio, apelidos, data, pequenas palabras ou sinxelas frases...
- Identificar pictogramas e sinais de Educación Vial e respectalas.
- Ordenar viñetas.

*Achegamento á literatura

CONTIDOS

- Textos orais, actuais e de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns...etc.
- Comprensión y reprodución de contos, poemas, trabalinguas, etc.
- Atención e interese polo textos de tradición cultural.
- Dramatización de textos literarios
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor.

- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación a literatura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interese pola linguaxe escrita.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios.

Bloque 2. Linguaxe artística: plástica-musical-corporal

CONTIDOS

- Desfrute cas propias elaboracións plásticas e cas dos outros.
- Coidado dos materiais e instrumentos que se utilizan.
- Interese pola utilización de diferentes técnicas.
- Técnicas: colaxe, pintura, estampado, mosaico, modelado, etc.; e cores primarios.
- Diversidade de obras plásticas.
- Produción de elaboracións plásticas. Utilización das técnicas de debuxo, pintura, modelado, colaxe, etc., e de diferentes materiais.
- Percepción diferenciada das cores.
- Emprego correcto e progresivo de utensilios e materiais para a expresión plástica.
- Parámetros do son: duración, intensidade, altura e timbre.
- As propiedades sonoras do corpo, de obxectos e de instrumentos musicais.
- Audición de obras clásicas.
- Cancións orixinais e populares. Danzas orixinais.
- Identificación dos contrastes do son: altura, intensidade, duración e timbre. Interpretación de cancións orixinais e populares.
- Exploración das propiedades sonoras do corpo humano, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Vivencia do son e do silencio.
- Participación en danzas sinxelas. Utilización de instrumentos sinxelos.
- Audición de fragmentos de música clásica.
- Desfrute co canto, o baile, a danza e a interpretación.
- Actitude relaxada e atenta durante as audicións e dispoñibilidade para escoitar novas pezas.
- Interese polo folclore popular do entorno.
- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos...
- Control do corpo: respiración controlada e relaxación, etc.
- Posibilidades do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Dramatización de sinxelas obras teatrais. Títeres.
- Descubrimento das posibilidades expresivas do corpo.
- Imitación e representación de situacións, personaxes e sinxelas historias.
- Interese e desfrute coa dramatización e por expresarse sen cohibicións.
- Iniciativas nas dramatizacións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e nomear as cores.
- Producir elaboracións plásticas.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais. Identificar sons.
- Cantar cancións.
- Bailar ao ritmo da música.
- Mostrar atención e escoita nas audicións.
- Expresarse e comunicarse utilizando o propio Corpo
- Participar nas dramatizacións.
- Relaxarse.
- Expresarse sen timidez.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación

CONTIDOS

- Tecnoloxías da información e da comunicación: casete, televisión, vídeo, fotografía, ordenador...
- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara e reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento as producións audiovisuais como películas, debuxos animados...
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Tomar conciencia da importancia dos medios de comunicación
- Usar moderadamente os medios audiovisuais
- Distinguir entre realidade e representación audiovisual.
- Utilizar as tecnoloxías como xogo e recurso de aprendizaxe.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación anteriormente expostos ímoslos desenvolver a través de actividades distribuídas ao longo do presente curso e en relación cos Centros de Interese das Unidades didácticas do proxecto "Papeliños" da editorial Xerais.

Ademais traballaremos a lectoescritura cos cadernos número 1, 2, e 3 "O Xardín das letras" da editorial Xerais, e tamén iremos ampliando as fichas e actividades dos alumnos/as con material fotocopiado que lle iremos dando os nenos/as.

Para traballar a lectoescritura preténdese, a partir de mediados do mes de outubro, mandar a casa lecturas elaboradas pola mestra para que os nenos/a as traballen cos seus pais, o día seguinte leranas na aula coa titora, se esta considera que a lectura está traballada, enviará a seguinte e así sucesivamente, cando o neno/a non traia preparada a lectura deberá levar a casa a mesma ata que a teña preparada. É un proceso de traballo constante e coordinado entre a familia e a titora.

Como xa se explicou anteriormente, e ao igual cos alumnos/as de 3 e 4 anos, os de 5 tamén participarán na elaboración de varios proxectos ao longo do curso, proxectos que vaian xurdindo e que desperten o interese dos nenos/as.

A temporalización dos Centros de Interese que imos levar a cabo ao longo do curso, que é orientativa e poderá sufrir modificacións, será a seguinte tendo en conta os acordos tomados en reunións de ciclo:

1º TRIMESTRE

C.I.: O Colexio: "Comezamos".

- 1) C.I.: O meu corpo e as súas necesidades: "A abella Pepa".
- 2) C.I.: O Outono: "Un Castelo na montaña"
- 3) C.I.: O Nadal: "Mercado de Nadal".

2º TRIMESTRE

- 4) C.I.: O Inverno, xogos e xoguetes: "Esquiando nas nubes"
 - 5) C.I.: Os alimentos, os medios de información e comunicación: "Aventura no centro comercial"
- C.I.: O entroido, Proxecto="Disfrázome de faraón"

3º TRIMESTRE

- 6) C.I.: A Primavera e os vexetais: “Un contacontos no xardín botánico”.
- 7) C.I.: Os Animais en distintas zonas: “O deserto e o dinosauro”.
- 8) C.I.: Coñecemento do Universo: “Que hai no espazo?”.

Ademais destes Centros de Interese tamén dedicaremos varias sesións na aula para celebrar e traballar días como:

Samaiñ
O magosto
Nadal
A Paz
Día do Libro
Entroido
Semana Santa

Unha convivencia entre os/as alumnos/as de infantil do noso centro e os/as alumnos/as dos colexios de Cortegada, Maside e As Neves e outros centros que este curso se unan a experiencia deste día de convivencia xa que a experiencia dos anos pasados foi moi positiva.

Día das letras Galegas

...e outros que vaian xurdindo ao longo do curso.

***É importante suliñar que para realizar todas estas actividades propostas teremos en conta o acordo o que se chegue tanto na Comisión de Coordinación Pedagóxica coma no Claustro de Profesores así coma no Consello Escolar.**

5. ACTIVIDADES

As actividades que se levarán a cabo na aula para poder traballar os diversos Centros de Interese, realizaranse tendo en conta distintos tipos de **agrupamentos**, segundo o seu tamaño, as actividades serán:

- de gran grupo, como a celebración do magosto e do entroido a nivel centro,
- outras de toda a educación infantil, como por exemplo os talleres de cociña, celebracións de algún aniversario, proxección de algunha película...
- outras serán de grupo-clase como por exemplo asambleas, debates, xogos...
- tamén de grupo pequeno, por exemplo para o desenvolvemento de experiencias.
- de parellas
- individuais para favorecer a reflexión e a práctica sobre os diversos contidos, como por exemplo: actividades impresas, as rutinas,

Estes diferentes agrupamentos están presentes en actividades:

De inicio das unidades, serve para introducir o Centro de Interese, detectar niveis de coñecementos previos e motivación cara ao eixe de traballo. Exemplos son: choiva de ideas, asembleas, láminas, a aula chea de follas para introducir o tema do outono.

De desenvolvemento, permiten a consecución dos obxectivos e contidos. Destinadas a todos os nenos e coas que se espera a consecución das capacidades expresadas nos obxectivos.

Finais, pretenden a transferencia das aprendizaxes así como a aplicación e xeneralización destes. Exemplo, unha saída complementaria ao campo en outono.

Reforzo e ampliación, destinadas ao reforzo e afianzamento.

6. PROXECTO LECTOR

No nivel de 3 anos traballarase a lectura e a escritura a través de contos populares e tamén con talleres de contacontos.

Cos nenos/as de 4 anos a lectura e a escritura será tratada ao igual que cos alumnos de 3 anos a través de contos populares e coa realización de talleres de contacontos.

Cos alumnos/as de 5 anos traballarase a lectoescritura dunha forma moito mais ampla que co resto dos nenos/as do ciclo. A partir do mes de outubro pretendese enviar as casas do alumnos/a de 5 anos lecturas elaboradas pola mestra para que os nenos/a as traballen cos seus pais, o día seguinte leeranas na aula coa titora. Tamén se farán talleres de contacontos cos nenos/as de 5 anos.

Temos pensado adicar unha sesión a semana con cada nivel de infantil para visitar a biblioteca do centro ou de aula e alí ler e inventar contos, facer debuxos, coñecer distintos autores de literatura infantil, acondicionar algún espazo para os/as alumnos/as de infantil...

Tamén e como xa se fixera no curso pasado co plan lector do centro, este ano preténdese dinamizar máis a biblioteca, acudindo a ela, participando nos concursos que esta organice, nas actividades, nos xogos....

7. NOVAS TECNOLOXIAS NA AULA DE INFANTIL

Este curso, como no anterior, temos programado un taller de informática cos alumnos de Educación Infantil. Este taller está organizado do seguinte xeito:

Unha sesión de unha hora pola tarde cos nenos de 3 e 4 anos na que asistirán a aula de informática ou ben mediante o ordenador da aula.

Unha sesión de outra hora pola tarde cos nenos/as de 5 anos na que asistirán a aula de informática ou dentro da aula.

Os obxetivos, contidos e criterios de avaliación que pretendemos conseguir ao longo do curso con este taller de informática son moi sinxelos e son os seguintes:

OBXECTIVOS

- _ Inicialse no coñecemento dos medios audiovisuais e aprender o seu nome.
- _ Coñecer, valorar e utilizar a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da Información e da Comunicación de forma adecuada.
- _ Utilizar moderadamente os medios audiovisuais.
- _ Inicialse no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- _ Achegarse ás producións

audiovisuais. CONTIDOS

- _ Inicialse no uso dos medios audiovisuais como ordenador, cámara, reprodutores de son e imaxe...
- _ Achegamento ás producións audiovisuais. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- _ Toma de conciencia do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- _ Proxección na sala de audiovisuais dalgunha película de interese e gozo para os nenos.
- _ Inicialse no uso e manexo de instrumentos tecnolóxicos: o ordenador, o teclado, o reprodutor de CD,...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- _ Nomear instrumentos tecnolóxicos: auditivos e visuais.
- _ Coñecer e valorar algún medio audiovisual da comunicación e da información.

- _ Ver algunha película. Gozar da sesión.
- _ Amosar interese por instrumentos tecnolóxicos.
- _ Utilizar os medios tecnolóxicos con moderación.

8. PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia respectará o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, é por iso que a acción tutorial levarase a cabo a través de:

- Entrevistas
- Convivencias
- Festivales
- Proxectos
- Dinámicas de grupo
- Normas de clase

9. PROXECTO TRANSVERSAL “OS MEUS VECIÑOS EUROPEOS”

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de educación infantil a primaria, debido o grande éxito do proxecto do ano anterior. Así damos continuidade o proxecto anterior “os meus veciños europeos”, xa que ampliamos a perspectiva a todo o mundo.

Ademais as Nacións Unidas proclamou o ano 2017 como “ano internacional do turismo sostible para o desenvolvemento”. A designación deste ano internacional intenta promover unha mellor comprensión entre os pobos en todas partes, conducir a que se tome unha maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ó fortalecemento da paz no mundo.

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación da comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia.

O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase. Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente ós centros de interese do alumnado.

De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

1º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	MONUMENTOS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos

2º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ENTROIDO	Disfrace e baile da zona xeográfica
	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa relevancia para a paz.

3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES DE AULA	FLORA	EXPOSICIÓN MAIO
	FAUNA	
	ESPAZOS NATURAIS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países elixidos
	GASTRONOMÍA	Degustación de produtos e pratos típicos de cada país traballado (colaboración co comedor)

10. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias defínense como o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que son necesarias para a realización e desenvolvemento persoal, escolar e social e que se van desenvolver a través do currículo.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade e da súa madurez emocional, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal. Os contidos que nesta área se agrupan, adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e haberán de interpretarse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes.

É especialmente relevante a súa contribución ao desenvolvemento da "Autonomía e iniciativa persoal", a "Competencia social" e a "Competencia de aprender a aprender"; pero non é allea ao logro da "Competencia no coñecemento e interacción co medio", da "Competencia en comunicación lingüística" e da "competencia matemática".

Área de Coñecemento e interacción co contorno.

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o ámbito infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. É especialmente relevante a súa contribución ao desenvolvemento da "Competencia no coñecemento e interacción co medio"; a "Competencia matemática"; a "Competencia social"; a "Competencia dixital" e a Competencia para aprender a aprender, pero contribúe, igualmente, ao desenvolvemento da "Competencia en comunicación lingüística", a "Autonomía e iniciativa persoal", a "Competencia emocional" e a "Competencia cultural e artística".

Área de Linguaxes: comunicación e representación.

Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais. É especialmente relevante a súa contribución ao desenvolvemento da "Competencia lingüística", a Competencia cultural e artística", a "Competencia para aprender a aprender", a "Competencia social" e a "Competencia dixital".

11. EDUCACIÓN EN VALORES

Estes temas aparecerán reflectidos de xeito global en todos e cada un dos elementos que compoñen o proceso de ensinanza-aprendizaxe, tamén se traballarán en forma de actividades concretas dentro das distintas unidades didácticas. As razóns que xustifican o seu tratamento son:

Razóns sociais, xa que a Educación Infantil debe ter un marcado carácter preventivo e compensador, como resposta ás demandas dunha sociedade plural e cambiante, razóns pedagóxicas xa que a formación integral, debe achegar a escola á vida real baixo un enfoque globalizador e razóns legais, no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de

Educación Infantil e dos Colexios de Educación Infantil e primaria, no que se establece que obriga a programalos.

Educación moral e para a Paz: Búscase desenvolver unha educación baseada na convivencia.

Educación para a saúde: Preténdese a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sa...etc

Educación para a igualdade: Búscase fomentar a igualdade de dereitos.

Educación ambiental: preténdese fomentar actitudes de respecto e coidado polo seu contorno.

Educación do consumidor: pretende desenvolver unha actitude crítica fronte ó consumo.

Educación vial: O obxectivo deste tema é evitar os accidentes dende as distintas situacións nas que se verá envolto o neno: peón, viaxeiro, usuario de vehículos.

Educación para o lecer: permite coñecer diferentes alternativas de xogo e ocio os habituais.

12. TALLERES

Como xa se comentou anteriormente, neste curso levaranse a cabo tres talleres cos alumno/as de infantil, un taller de informática, un taller de contacontos e un terceiro taller de cociña.

- Unha sesión de tarde a semana donde o mestre levarán aos alumnos/as de 3,4 e 5 anos para a aula de informática ou mesmo no ordenador de aula, con eles realizarase o taller de informática, traballarase aspectos básicos da informática.

- Para levar a cabo o taller de contacontos contamos ca axuda do mestres de apoio que entra nas aulas para facer apoios e aproveitamos esta circunstancia para que os/as nenos/as vaian unha hora semanal á biblioteca do cole ou mesmo que traballen na biblioteca da aulae así facer os seu taller de contacontos. Na biblioteca escoitarán contos, traballarán sobre eles, inventaran novos contos, traballarase as intelixencias emocionais...

-O terceiro taller programado para este curso é o taller de cociña, este taller consiste en que tódolos nenos/as de infantil se xunten nunha das aulas (ou no comedor, co permiso previo dos cociñeiros) e elaboren un postre.

A organización dos talleres sería a seguinte:

TALLER DE INFORMÁTICA	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
1º TRIMESTRE	-Dominio do rato	-Dominio do rato	-Dominio do rato -Uso de software educativo
2º TRIMESTRE	-Uso de software educativo	-Uso de software educativo	-Buscar en Internet
3º TRIMESTRE	-Reforzo do traballo de aula	-Inicio no proceso de busca en Internet -Reforzo do traballo de aula	-Uso do programa "Microsoft Word" -Reforzo do traballo de aula

TALLER DE CONTACONTOS	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
1º TRIMESTRE	-Coñecemento das distintas dependencias onde hai material escrito e as súas normas.	-Coñecemento das distintas dependencias onde hai material escrito e as súas normas.	-Coñecemento das distintas dependencias onde hai material escrito e as súas normas
2º TRIMESTRE	-Coñecemento da estrutura do texto dos CONTOS	-Coñecemento da estrutura do texto dos CONTOS	-Elaboración coa axuda da mestra de contos, cartas, poemas
3º TRIMESTRE	-Elaboración de CONTOS con axuda	-Elaboración de CONTOS con axuda	-Lectura dos contos ou das elaboracións aos seus compañeiros

TALLER DE COCIÑA	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
1º TRIMESTRE	-Hixiene e limpeza na cociña (mandiles, gorros e manteis)	-Hixiene e limpeza na cociña (mandiles, gorros e manteis)	-Hixiene e limpeza na cociña (mandiles, gorros e manteis) -Pelar algunha froita
2º TRIMESTRE	-Técnica de amasado (pan)	-Técnica de untar (sanwiches, bocadillos...) Pelar algunha froita	-Técnica de batido de alimentos
3º TRIMESTRE	-Modelado de masa (galletas)	-Preparación de pratos sinxelos (dous ou máis ingredientes)	-Preparacións de menús máis complexos (cinco ou máis ingredientes)

13. ESPAZOS

Os espazos utilizados para o desenvolvemento da actividade educativa serán tódolos que se poidan utilizar tanto dentro como fora do recinto escolar: A propia aula, a biblioteca, a aula de informática, o comedor, o pavillón, o patio de recreo, incluso os pasillos, as aulas de vídeo, de música...

14. MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais reunirán as condicións de calidade e seguridade apropiadas para o seu uso. Segundo as distintas actividades considero os seguintes materiais:

- Materiais de xogo: xogos de rosca, maletín de médicos, bonecas, berces, coches, carriños, cociña.
- Materiais de psicomotricidade: os materiais cubrirán tanto o desenvolvemento da motricidade fina como grossa serán colchóns, tobogán, ramplas, triciclos, aros, balóns de diferentes tamaños..
- Materiais de linguaxe: ten un mesmo obxectivo, potenciar as capacidades expresivas dos pequenos. monicreques, os murais, contos, letras móbiles, as pizarras pautadas, crebacabezas..
- Materiais de educación sensorial: táboas cromáticas, frascos olorosos, caixas de música...
- Materiais de matemáticas: non específico: botóns, chapas, cordóns, caixas, ... ou específico pensado para este fin: parte do material de Montessori (barras, caixas de contar,...) os bloques lóxicos de Dienes, as regretas de cores de Cousinet, xogos de dominó...
- Materiais de observación e experimentación: frascos de formas e tamaños diferentes, tapadeiras de tarros, cartóns de ovos, bandexas de conxelar, pratos e vasos de papel...
- Material vivo: plantas, flores, animais que se poidan ter na aula como: caracois, peixes...
- Materiais para a educación artística: para que o desenvolvemento sexa integral, é preciso dotar a aula de material que favoreza a educación plástica, musical e corporal. Poden ser: arxila, papel, pinturas, instrumentos de percusión, aparatos de música, vestidos vellos...
- Materiais audiovisuais e informáticos: cámara fotográfica, proxector, radiocassetes, televisión, ordenador e o seu monitor e diferentes programas informáticos.
- Materiais impresos: material didáctico como libros que interesen por contido, tema, ilustracións, formato, Outro tipo de material impreso é o curricular: Proxecto Educativo de Centro, Programación de Ciclo, Guías didácticas, Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas..

Os materiais utilizados serán tanto os didácticos, libros, cuadernillos, fotocopias, CD, cassetes, DVD... material funxible, lapis, ceras, rotuladores, tiseiras, pegamentos, punzóns, plastilina... como material reciclable que poden aportar os alumnos dende as súas casas ou coa axuda dos seus pais.

15. TEMPOS

As sesións de traballo nas aulas de Educación Infantil solen ser curtas xa que os nenos/as enseguida se cansan de facer durante moito tempo a mesma actividade, serán sesións de entre media hora e tres cuartos de hora.

16. AVALIACIÓN

O carácter da Avaliación nesta etapa educativa defínese coma:

GLOBAL, CONTINÚA e FORMATIVA.

A avaliación do alumnado a vai a realizar o titor/a de cada neno/a mediante:

- unha avaliación inicial.

- unha avaliación formativa
- unha avaliación sumativa
- unha avaliación final.

Tamén se terá en conta os comentarios, opinións e aportacións de tódolos especialistas que imparten clase na etapa de infantil.

17. APOIOS

Na aula de infantil entrarán os mestres de educación física, Relixión e Inglés en cada aula e así apoiar a titora nas actividades ou traballos que nese momento estén realizando os nenos/as.

Preténdese aproveitar estes apoios para traballar nos distintos talleres programados. a súa vez isto vai permitir que se fagan os desdobres para levar a cabo o taller de lectoescritura mencionado anteriormente.

Tamén destacar que según as necesidades que se vaian observando durante o curso solicitaranse os apoios necesarios de PT e AL.

18. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Na aula de Educación Infantil contamos coa presenza dun neno con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, pero tras varias reunións con especialistas, turora e familia, decidiuse, polo ben do neno e do bo desenrolo das aulas, flexibilizar o seu período de escolarización polo que permanecerá un ano máis en Infantil.

A área prioritaria que se traballará ó longo do curso con este alumno será a de comunicación, tanto a nivel receptivo como expresivo, ademais intentarase que o neno leve unha rutina, e que vaia alcanzando pequenos obxectivos.

Os obxectivos a conseguir con este alumno distribúense nas seguintes áreas:

1. Área adaptativa.
2. Área persoal- social
3. Área de comunicación (linguaxe receptiva, linguaxe expresiva.)
4. Área motora

En canto a metodoloxía, e seguindo os consellos da mestra de P.T, do DO e do equipo de orientación específico, traballarase sobre todo os hábitos cotiás normalizados.

Hai que sinalar que se conta coa axuda dunha coidadora que atenderá as necesidades deste neno en todo momento.

19. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Coa finalidade de complementar o currículo de Educación Infantil e de ampliar a adquisición de vivencias dos alumnos/as, temos previsto realizar durante este curso 2016/17 algunhas actividades propostas polo Concello de Ourense, Abanca e outras entidades que consideremos oportunas según os seus programas e propostas.

Tamén consideramos favorable realizar algunha saída de Convivencia, como xa se comentou anteriormente, esta realizarase cos alumnos/as dos colexios de Cortegada, Maside e As Neves ademais de outros que se unan a este día de Xuntanza e será a XI Xuntanza de alumnos de infantil.

Ademais destas actividades extrescolares, coma tódolos anos, realizaremos diferentes saídas en horario escolar, actividades complementarias, para observar o entorno, coñecer a aldea, coñecer as instalacións do centro, recoller follas do outono,...

***Como xa se sinalou na programación de cada nivel é importante destacar que para realizar todas estas actividades propostas teremos en conta o acordo o que se chegue tanto na Comisión de Coordinación Pedagóxica coma no Claustro de Profesores así coma no Consello Escolar.**

20. INTERACCIÓN FAMILIA CENTRO

A interacción e a relación coas familias é moi importante, co cal intentaremos que esta sexa o máis fluída posible e que se produza nun clima de confianza e de mútuo respecto.

O intercambio de información é importante que sexa en ámbolos dous sentidos, tanto da familia á titora como da titora á familia, para conseguir esta relación e información realizaremos varias reunións coas familias:

- o Reunións informativas de tipo grupal: Ao comezo do curso
- o Entrevista individual: Especialmente se os nenos/as son de nova incorporación ao centro.
- o Reunións festivas: Cando se celebre algunha celebración no centro: Magosto, festival de Nadal, Entroido....
- o Sempre que se considere importante e necesario.

21. AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA

A avaliación da intervención educativa levarase a cabo a través da avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe. As pautas de observación para avaliar dito proceso incluírán:

- _O deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e a adecuación das adaptacións realizadas para grupos de alumnos concretos.
- _O ambiente da aula e todo aquilo que favoreza o proceso de ensinanza/aprendizaxe: organización, agrupamentos, espazos e tempos.
- _A coordinación con outros mestres que interveñen no mesmo grupo de alumnos
- _ A comunicación cos pais.